

BASES PARA O SORTEO DE 100 TARXETAS REGALO - DÍA DA NAI 2025

1. - OBXECTIVO

A Campaña de Tarxetas Regalo que organiza a Concellería de Comercio do Concello de Marín, leva a cabo un sorteo no que pode participar calquera persoa maior de idade que compre no comercio, negocios e hostalería de Marín, durante o período da promoción, e que se leva a cabo conforme ao establecido nas presentes bases.

2.- DURACIÓN E ÁMBITO

A presente promoción realizarase dende o 01 de abril de 2025 ata o 4 de maio de 2025.

Poderán participar nela todas as persoas físicas maiores de idade, que compren calquera produto ou servizo no comercio, empresas e/ou hostalería a excepción dos supermercados, farmacias e gasolineras, os cales quedan excluídos por ser servizos esenciais.

3.- REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

Os participantes deberán realizar compras ou suma de compras superiores a 30€ en calquera establecemento de Marín, excepto dos que están excluídos. En caso de ser un único ticket superior a 30€, deberá ao reverso do ticket escribir o seu nome e apelidos, DNI e número de teléfono.

No caso de ser un conxunto de tickets, deberán grapalos e ao reverso escribir o seu nome e apelidos, DNI e número de teléfono. Os tickets deberán de ser orixinais, polo que en caso de ser necesarios para garantías ou devolucións será necesario pedir un duplicado no momento da compra ou servizo.

Estes tickets debidamente cubertos, deberán ser depositados no buzón habilitado na Caseta da Oficina de Turismo localizada na Praza de España, dende o 01 de abril de 2025 ata o 4 de maio de 2025.

Poderá ser válida a participación da mesma persoa en tantos tickets como compras realice cumprindo estas bases.

4.- PERÍODO DE PARTICIPACIÓN

Serán válidos todo os tickets de compras realizadas entre o 01 de abril de 2025 ata o 4 de maio de 2025, ambos os dous incluídos.

Todos os tickets fóra de estes prazos non serán válidos, sendo así invalidados. Unha vez rematado o prazo recollerase o buzón e levarase ao Salón de Plenos do Concello de Marín para proceder ao sorteo.

5.- PREMIOS

A Campaña consiste no sorteo de 100 TARXETAS REGALO POR VALOR DE 50€ cada unha para uso exclusivo nos comercios, negocios e hostalería de Marín.

As tarxetas regalo poderán ser utilizadas dende a súa entrega ata o 30 de xuño de 2025. Os premios non poderán ser canxeados en metálico.

6.- DATA DO SORTEO

O sorteo realizarase o día 5 de maio de 2025 ás 12 horas no Salón de Plenos do Concello de Marín ante a Secretaria municipal do Concello ou funcionario municipal.

Retiraranse 100 tickets, e comprobarase que cumpran os requisitos establecidos nestas bases. En caso de incumprimento o ticket será descualificado e retirado do sorteo.

7.- NOTIFICACIÓN ÁS PERSOAS PREMIADAS

O día 5 de maio de 2025 publicarase a lista cos nomes das persoas premiadas na páxina web, redes sociais e no taboleiro de anuncios do Concello de Marín.

As persoas agraciadas serán citadas telefonicamente para a recollida das Tarxetas Regalo na Oficina de Turismo situada na Praza de España durante os días 6 e 7 de maio, en horario de 11:30h a 20:30h, confirmando os datos coa presentación do DNI da persoa gañadora.

8.- OBLIGATORIEDADE E RESPONSABILIDADE DAS PERSOAS PREMIADAS

As Tarxetas Regalo serán única e exclusivamente de uso e disposición nos comercios, negocios e hostalería de Marín, co fin de fomentar o consumo no comercio local.

9.- ACEPTACIÓN DAS BASES

O feito de participar no sorteo implica o coñecemento e a aceptación destas bases. O Concello de Marín resérvase o dereito para introducir, se o cre conveniente, as modificacións necesarias para o bo funcionamento do sorteo.

10.- INCUMPRIMENTO

O incumprimento dalgunha das bases levará implícita a descalificación e retirada do Sorteo.

11.- NORMATIVA APLICABLE

As presentes bases vinculan á administración e a quen participe no sorteo, e tanto a convocatoria coas súas bases e cantos actos administrativos se deriven das mesmas e das actuacións do xurado, poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e formas que determine a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como no seu caso, na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

11.- PROTECCIÓN DE DATOS E GARANTÍA DOS DEREITOS DIXITAIS

Para os efectos da notificación aos premiados, o Concello de Marín, en virtude do disposto no artigo 8 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), procederá ao tratamento dos datos persoais aquí reflectidos, de acordo coas competencias atribuídas pola lexislación aplicable ao réxime local, en aras de dar cumprimento ao interese público propugnado polo artigo 103 da CE en relación co disposto na Lei 39/2015, de 2 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e co regulado no artigo 6 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 (RXPD).

O órgano responsable e encargado do tratamento é o Concello de Marín cuxa dirección é Avda. de Ourense s/n 36900 Marín (Pontevedra), segundo o disposto no Título V da LOPDGDD. Os datos proporcionados neste concurso, pasarán a formar



parte dun Rexistro do Concello de Marín (Pontevedra), onde poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición (incluíndo expresamente a limitación do tratamento) de acordo co Capítulo II do Título III da LOPDGDD; dirixindo ao Concello solicitude neste eido. Así mesmo, indicámoslle que o tratamento dos seus datos será realizado integramente segundo a LOPDGDD e o RXPd.

Ademais informamos que as fotografías resultantes das persoas premiadas poderán ser utilizadas en comunicacións publicitarias respecto ao sorteo, así como a publicación do nome dos gañadores en calquera medio dixital e rede social do Concello de Marín.

En Marín, a 24 de febreiro de 2025

Cristina Acuña

Concelleira de Comercio

(Documento asinado electronicamente ao pé)